

Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno para o luns, 27 de outubro de 2025, ás 10.00 horas.

De conformidade co acordado polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión extraordinaria de organización do 3 de agosto de 2023, durante o mandato 2023-2027 a Xunta de Goberno deberá realizar sesión ordinaria cunha periodicidade semanal.

Polo exposto, **DISPOÑO:**

Convocar a sesión **ordinaria** de Xunta de Goberno, nos seguintes termos:

DÍA: 27 de outubro de 2025
HORA: 10:00 horas en primeira convocatoria*
LUGAR: Sala de Xuntas do Pazo Provincial

* Se na primeira convocatoria non existise o quórum necesario, segundo o disposto no número anterior, entenderase convocada a sesión automaticamente unha (1) hora despois.

A orde do día da sesión será a seguinte:

1. 2025/37E/XGL PRESIDENCIA

Aprobación da acta da sesión anterior, ordinaria do día 21 de outubro de 2025.

2. 2025/22295G PRESIDENCIA

Bases reguladoras da Convocatoria do Concurso para a concesión de subvencións mediante concorrencia competitiva a Concellos destinadas á adquisición, rehabilitación e/ou mellora de vivendas destinadas ao aluguer residencial 2025. Importe: 500.000,00 euros.

3. 2025/7773V PRESIDENCIA

Resolución do concurso concurso para a concesión de subvencións a entidades deportivas e entidades sen ánimo de lucro para a organización de eventos deportivos 2025. Importe: 79.231,00 euros.

4. 2025/22790Q PRESIDENCIA

Resolución do concurso para a concesión de subvencións para o mantemento do emprendemento feminino “EmprendOU en feminino”, convocatoria para o ano 2025. Importe: 100.000,00 euros.

5. 2025/21032Y PRESIDENCIA

Fixación de prezos públicos de edicións do Plan anual de publicacións de 2025.

6. 2025/21596H PRESIDENCIA

Fixación do importe dos prezos públicos das entradas ao parque de atraccións “Pazolândia 25”.

7. 2024/17306X PRESIDENCIA

Desestimación da solicitude de modificación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais do exercicio 2025 (COOPEROU 2025), en relación con actuacións no Concello de Gomesende.

8. 2025/14794R PRESIDENCIA

Subvención a favor do Concello do Irixo, para construción nave municipal anualidade 2025. Importe: 70.000,00 euros.

9. 2025/14916P PRESIDENCIA

Subvención a favor do Concello de Riós, para “cofinanciamento plan marco 2024-2025 mellora da pista de Cortegada a Trasestrada, mellora do camiño da Castiñeira e do Reguengo en Marcelín estudio integral da rede viaria, correspondente ao ano 2025”, importe: 7.439,08 euros.

10. 2025/15232W PRESIDENCIA

Subvención a favor da entidade Asociación de Familiares de Enfermos de Alzheimer de Ourense, para ampliación instalacións actuais. Importe: 40.000,00 euros.

11. 2025/19046K PRESIDENCIA

Subvención a favor do Concello de San Xoán de Río, para cofinanciamento das obras de mellora do ximnasio municipal de San Xoán de Río. Importe: 40.000,00 euros.

12. 2025/20656K PRESIDENCIA

Subvención a favor do Concello de Vilamarín, para “melloras en seguridade e limpeza no parque empresarial”, importe: 29.600,31 euros.

13. 2025/20723L PRESIDENCIA

Subvención a favor do Concello da Peroxa, para “revestimento dos muros de peche e fachada do campo de fútbol”, importe: 8.550,00 euros.

14. 2025/20748K PRESIDENCIA

Emenda de acordo de concesión de subvención a favor do Concello de Cortegada, para “para instalación eléctrica para OCA Pavillón (execución da obra máis honorarios técnicos)”. Importe: 49.082,29 euros.

15. ASUNTOS DE URXENCIA.

16. COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

17. ROGOS E PREGUNTAS.

Así o dispón e o asina o Sr. presidente, en Ourense, na data que consta na sinatura electrónica desde documento. Dou fe.

